

O Pleno Infantil de Boqueixón debate sobre os dereitos dos nenos e das nenas

Corenta nenos/as de 5º e 6º de Primaria do CPI Antonio Orza Couto trasladáronlle as súas inxedanzas ao alcalde e acordaron o alumeado dunha das árbores do colexio durante o Nadal

O salón de Plenos acolleu a oitava edición do Pleno Infantil, organizado polo Departamento de Servizos Sociais para conmemorar o Día Internacional dos Dereitos dos Nenos e das Nenas. Corenta rapaces e rapazas de 5º e 6º de Primaria do CPI Antonio Orza Couto acudiron á casa consistorial para trasladarlle ao alcalde, Ovidio Rodeiro, e á concelleira de Servizos Sociais, Ángela Conde, as súas reflexións sobre os seus dereitos.

O alcalde explicoulles que “este é o espazo onde se debaten e toman as decisións máis importantes para a vida en Boqueixón. Aquí fálase de educación, de servizos sociais, de infraestruturas... apróbanse proxectos e programas. E hoxe imos escoitar as vosas propostas”. Así, Rodeiro Tato foi dándolle a palabra a cada un dos 16 “concelleiros/as” por un día. Óscar Pérez, quen actuou como o seu representante, salientou que “os dereitos da infancia son un



A rapazada asistente ao pleno infantil recibiu unha axenda e un termo de agasallo



Os “concelleiros” infantís presentaronlle numerosas preguntas e rogos ao alcalde

escudo que nos protexe de todo mal: ter un nome, ter unha familia que nos queira e nos coide.. Por iso fixemos unha selección dos dereitos

que nos parecen máis importantes”. Acto seguido, a rapazada foi dando lectura a eses dereitos: vida, saúde, protección, educación, ter

unha identidade, información de calidade, ao xogo, a expresar a súa opinión e ser escoitado, á intimidade...

Despois chegaron os “rogos e preguntas”. Se ben empezaron tímidos, co paso dos minutos todos os presentes, tanto “concelleiros” como público, tiñan presentado un ou máis rogos. Parques infantís e instalacións deportivas foron as cuestións máis recorrentes. O alcalde explicou que se acababa de mellorar o alumeado de todas as instalacións deportivas municipais e que se van investir máis de 30.000 € en reparar e ampliar os parques infantís. Dúas propostas que foron moi ben recibidas.

Outras peticións xiraron sobre alumeado de Nadal, onde a rapazada acordou co alcalde que o Concello decoraría unha árbore que eles elixiran. A sesión rematou coa entrega dunha axenda e un termo de agasallo, para reducir o consumo de vasos de plástico no colexio.

CALENDARIO DO PUNTO LIMPO MÓBIL

De	Ata	Parroquia	Lugar
26-nov	07-xan	Lestedo	Campo da Festa
08-xan	14-xan	Lamas	Campo da Festa
15-xan	21-xan	Vigo	Campo da Festa
22-xan	28-xan	Loureda	Campo da Festa
29-xan	04-feb	Gastrar	Campo da Festa

O prazo para pedir o Bono Enerxía Peme ábrese o 10 de xaneiro

O Concello de Boqueixón informa da convocatoria das subvencións a proxectos de mellora enerxética do Instituto Enerxético de Galicia (Inega) para 2024 (programa Bono Enerxía Peme). Unha liña de axudas de 3 millóns de euros dirixida a persoas autónomas e pequenas e medianas empresas do sector servizos.

As peticións deberán presentarse desde as 9:00 horas do 10 de xaneiro ata o 26 de xuño a través do formulario normalizado accesible desde a sede electrónica da Xunta de Galicia e a páxina web do Inega.

As axudas están convocadas en réxime de concorrencia non competitiva, é dicir: resolveranse por orde de entrada no rexistro da solicitude, polo que é importante presentar o proxecto o antes posible para non quedar sen financiamento. A Xunta subvencionará un 80% do custe da actuación ata un máximo de 6.000 €, con carácter xeral.

O 22 de xaneiro, día de San Vicente, será festivo local

O Concello de Boqueixón lembra que o vindeiro luns 22 de xaneiro, día de San Vicente, será festivo local por mor da celebración do patrón do municipio.

O alcalde presenta novos proxectos de saneamento e infraestruturas

O alcalde, Ovidio Rodeiro, mantivo unha reunión coa conselleira de Infraestruturas e Mobilidade da Xunta, Ethel Vázquez, para presentarlle novos proxectos de saneamento e infraestruturas que mellorarán a calidade de vida dos veciños e veciñas de Boqueixón. Unhas iniciativas que foron ben recibidas pola titular de Infraestruturas e para as que o alcalde solicitou o apoio económico por parte da Xunta de Galicia.



Cordial reunión de Ovidio Rodeiro e Ethel Vázquez en San Caetano

O Imsero convoca o seu Programa de Termalismo

O Concello de Boqueixón informa da convocatoria do Programa de Termalismo do Imsero 2024, dirixido a pensionistas de xubilación ou de viuvez de 55 ou máis anos. As quendas nos balnearios terán unha duración de entre 10 e 12

días, en réxime de pensión completa, en habitacións dobres de uso compartido e entre os meses de febreiro e decembro de 2024.

Toda a información en www.boqueixon.gal, onde tamén poderás descargar a folia de solicitude.

de. En caso de precisar de axuda para enchela ou de ter calquera dúbida, só é preciso contactar cos Servizos Sociais de Boqueixón ben por teléfono (981 513 106) ou ben presencialmente (solicitando cita previa nese mesmo número).

O Concello e o AGADER estudan novas liñas de colaboración

O alcalde, Ovidio Rodeiro, reuniuse coa directora xeral da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, Inés Santé, para abordar varios temas de interese para o rural boqueixanés relacionados coa posta en valor e recuperación da terra agraria. Ovidio Rodeiro explica que “fixemos un seguimento da concentración parcelaria posta en marcha en Lamas, Loureda, Sergude e Vigo e planificamos unha reunión para tratar sobre a reorganización das terras



Reunión entre o alcalde de Boqueixón e a directora xeral do AGADER

nas parroquias restantes de Boqueixón”. A parcelaria de Lamas, Loureda, Sergude e Vigo reorganizará unha su-

perficie de 1.957 hectáreas divididas en 10.460 parcelas propiedade de 1.195 veciños e veciñas.

Bolechas e Reis Magos encherán á Casa da Cultura de Camporrapado o 5 de xaneiro

A tradicional visita de Papá Noel á rapazada ao CRA Boqueixón-Vedra, á escola infantil municipal Raíña Lupa e ao CPI Antonio Orza Couto abriu a programación especial de Nadal do Concello de Boqueixón. Un programa que continúa estes días nas instalacións do CPI cunha nova edición do Nadal Activo, o programa de conciliación laboral e familiar para estas datas de vacacións escolares e que este ano dá servizo a todas as familias que o solicitaron.

Para o venres 5 de xaneiro está prevista a tradicional recepción das Súas Maxestades os Reis Magos de Oriente na Casa da Cultura de Camporrapado. Unha festa na que Melchor, Gaspar e Baltasar terán unha serie "competencia" nos Bolechas de Pepe Carreiro. E é que ás 17:00 horas está previsto un pase do



O alcalde, Ovidio Rodeiro, acompañou a Papá Noel nas súas visitas á rapazada do CRA Boqueixón-Vedra, da EIM Raíña Lupa e do CPI Antonio Orza Couto

espectáculo "Os Bolechas. Un Nadal Máxico", na que a aprendiz Loli intentará facer os mellores trucos de maxia coa axuda do supermago Danubio e dos nenos e nenas de Boqueixón. E máis vale que lle boten unha man, pois xuntos terán que traer de volta aos seus irmáns desaparecidos coa axuda da súa variña máxica...

Ao rematar a obra, dará comezo a tradicional recepción de Melchor, Gaspar e Baltasar, que incluírá un sorteo de agasallos en colaboración con SBC Gasolineras. E ás 18:45 horas haberá un segundo pase para as familias que non quixeran ver aos Bolechas.

A asistencia tanto ao espectáculo dos Bolechas e á recepción dos Reis Magos,

como unicamente ao encontro real, é de balde. Iso si, é preciso anotarse antes en www.boqueixon.gal. Poden apuntarse ata 4 nenos/as (de ata 10 anos de idade) en cada quenda, así como dúas persoas adultas por cada familia. As prazas outorgaranse por orde de inscrición, tendo preferencia os nenos e nenas empadroados en Boqueixón e as crianzas que estean matriculadas nalgún centro de ensino do municipio.

E o sábado 6 de xaneiro unha nova edición do Boqueixogo chegará ao polideportivo. De 17:30 a 20:30 horas haberá inchables e obradoiros para os nenos e nenas, así como unha degustación de chocolate con churros para todas as persoas asistentes. Esta actividade é gratuíta e está aberta á participación toda a cativada, sen necesidade de inscrición previa.



O Club Squadra Boqueixón celebra a súa primeira Gala de Nadal

O Club Squadra Boqueixón de ximnasia rítmica celebrou o pasado sábado 16 de decembro a súa primeira Gala de Nadal. Unha celebración que tivo lugar no polideportivo municipal do Forte e no que as ximnastas locais estiveron acompañadas por compañeiras de clubs da contorna.



Gran participación na sexta Gala de Nadal do Club Ágora Boqueixón

O polideportivo municipal de Lestedo acolleu o pasado domingo 17 de decembro a tradicional Gala de Nadal do Club Ágora Boqueixón de patinaxe artística. Unha celebración que xa vai pola sexta edición e na que as/os deportistas aproveitaron para disputar unhas especiais Olimpíadas sobre patíns.

Zumba solidaria para recoller produtos de hixiene persoal e do fogar

Tras o gran éxito da primeira edición, na que máis de 180 persoas tomaron parte da Zumba Class Solidaria, o Concello de Boqueixón ten lista unha segunda edición. O evento terá lugar o sábado 27 de xaneiro, a partir das 18:00 horas, no pavillón municipal do Forte. Como novidade haberá tamén unha exhibición de Zumba Kids da man de Priscilla Dance.

Instrutores e instrutoras da contorna virán a Boqueixón para impartir unha masterclass de zumba cun obxectivo solidario: recoller produtos de hixiene persoal e do fogar para persoas necesitadas. Entre os instrutores que repiten figuran Ángel, que dá clases en Boqueixón e en Kenko Global Center de Santiago; Gabriel, que fai o propio no ximnasio World Fit Carballo; ou Priscilla



que imparte zumba na Estrada. Canda eles súmanse outras figuras da Zumba como Leila, Ana, Nuria ou Bruno Hermida.

Máis información no Departamento de Deportes do Concello de Boqueixón: deportes@boqueixon.com ou 636 731 721.

O 8 de xaneiro actívase o Bono Deporte de 120€

O Concello de Boqueixón informa de que a partir do 8 de xaneiro as familias poderán descargar o Bono Deporte de 120 euros promovido pola Xunta de Galicia. Poderán acceder a estas axudas todas as familias con fillos/as de entre 6 e 16 anos, que estean federados ou inscritos no programa Xogade.

Cada familia pode descargar un Bono Deporte por cada fillo/a. O prazo para solicitalo estará aberto ata o 29 de febreiro na web: www.bonodeporte.gal. As familias poderán facer uso deste bono ata o 1 de xullo. O Bono Deporte sufragará o 80% das compras en material de equipamento ou do custo da asistencia a clases de actividades deportivas, ata acadar os 120€.



A empresa Viveiros Compostela recibe o distintivo Galicia Calidade

As persoas responsables de Viveiros Compostela, empresa familiar de Boqueixón, recibiron o distintivo Galicia Calidade polas flores e plantas que producen nas súas instalacións en Pousada. O concelleiro de Facenda, José M. Iglesias, asistiu á entrega da distinción.



Baia Fernández presenta o seu libro "Caracol, cara de col" en Codeso

O centro sociocultural de Codeso acolleu a presentación do libro "Caracol, cara de col", da escritora Baica Fernández de la Torre. A autora estivo acompañada polo alcalde, Ovidio Rodeiro, o desañador Martiño Picallo e o escritor Xosé Manuel Lobato.

A Fundación María José Jove traerá o seu museo virtual ao CRA Boqueixón-Vedra

O CRA Boqueixón-Vedra “Neira Vilas” é un dos oito centros educativos rurais de toda Galicia seleccionados pola Fundación María José Jove para a terceira edición de “O MUV na escola rural”. Trátase dun programa de mediación cultural co que a Fundación busca promover a accesibilidade á cultura e á arte contemporánea por parte das crianzas do rural.

Así, a Fundación levará fisicamente o seu Museo Virtual ao CRA Boqueixón-Vedra, onde estará tres semanas e poderá ser visitado tanto polo alumnado como polos docentes. Para iso, habilitarase no centro educativo un espazo cun ordenador e cunhas gafas de realidade virtual.

Deste xeito, búscase introducir as novas tecnoloxías nas aulas a través de accións culturais interactivas que potencien o



Unha exposición de éxito e solidaria

Os nenos e nenas do CRA Boqueixón-Vedra foron os protagonistas dunha exposición que visitou Gres, Lestedo e a Cidade da Cultura de Boqueixón. Unhas pinturas que a rapazada fixo sobre a base dos poemas de Anisia Miranda e Xosé Neira Vilas. Para poder visitalas en Gres e Lestedo houbo que “abonar” unha entrada solidaria: alimentos non perecedoiros para os Servizos Sociais de Boqueixón e Vedra. En Santiago, a mostra acompañou o acto de entrega do Premio Arume de poesía para a infancia a Pablo Nogueira.

pensamento artístico no alumnado, ao tempo que se fomentan outros valores como a conciencia ambiental ou a necesidade de

preservación da nosa contorna máis próxima.

O CRA Boqueixón-Vedra disporá dun caderno de bitácora dixital onde poderá

compartir relatos e experiencias. Uns materiais que serán recollidos nunha publicación dixital que estará dispoñible na web do museo: <https://muv.fmjj.org/>. O MUV é o primeiro museo 100% virtual de España e se puxo en marcha en abril de 2021 como unha plataforma dixital de apoio á creación e á difusión artística.

O centro boqueixanés foi un dos oito centros escollidos en Galicia, dous deles na provincia da Coruña (xunto ao CPI Armando Cotarelo Valledor de Boimorto) porque “fomenta o desenvolvemento de metodoloxías activas, motivadoras e inclusivas, aproveitando e valorando os recursos da contorna máis próxima e propiciando a colaboración, proximidade e participación das familias”, asegura a Fundación María José Jove.




O Concello dá resposta a todas as solicitudes do “Nadal Activo”

Ningunha familia que solicitou participar no programa de conciliación “Nadal Activo” quedou sen servizo. O Concello de Boqueixón aceptou todas as solicitudes e organizou unha divertida programación para a rapazada, como esta pre-festa de Fin de Ano á que acudiu o alcalde Ovidio Rodeiro.



Gran éxito de público no ciclo de teatro familiar “Escena Pequena”

Migallas Teatro, con “Elas pintan moito” (na foto), puxeron o broche de ouro ao ciclo de teatro familiar “Escena Pequena”. Unha iniciativa do Concello que este ano tamén trouxo ao escenario de Camporrapado obras de Teatro Ghazafellos e Barafunda Animación.



"Mirador do Pico", de Isaac Pérez Vázquez



"Abrente no cumio do Pico Sacro", de David Domínguez



"Punto xeodésico", de Isaac Pérez Vázquez

Isaac Pérez Vázquez gaña o IX concurso de fotografía "Paisaxes de Boqueixón"

"Mirador do Pico", unha fermosa imaxe dunha gata fronte ao Pico Sacro de Isaac Pérez Vázquez, foi a imaxe gañadora do IX Concurso de Fotografía "Paisaxes de Boqueixón". Un certame que ten como obxectivo fomentar a creatividade e a promoción e posta en valor da riqueza histórica, cultural, etnográfica e paisaxística do municipio.

A proposta de Isaac Pérez foi escollida entre as 60 fotos presentadas a concurso. Ademais, a súa segunda fotografía, "Punto xeodésico", obtivo o terceiro posto do certame. Completou o podio, David Domínguez, quen conseguiu o segundo premio cun espectacular



O alcalde Ovidio Rodeiro entregou os premios ás fotografías gañadoras

"Abrente no cumio do Pico Sacro". Así mesmo, unha segunda fotografía súa obtivo o sexto posto nas votacións.

O alcalde, Ovidio Rodeiro, fixo entrega dos premios: vales de compra a canxear en calquera establecemento

do municipio por un importe de 200, 100 e 50 euros, respectivamente. Esta é a segunda ocasión na que Isaac Pérez gaña este concurso, tras vencer na edición de 2018 con outra espectacular fotografía do miradoiro

do Pico Sacro. No caso de David Domínguez, supera o quinto posto logrado en 2022.

As outras nove imaxes que completan o calendario do Concello 2024 son: "Pico Sacro dende o tren", de Raquel Fachal Santamarinas; "O solpor", de Nuria Torres Suárez; "Aldeas de Boqueixón", Isaac Pérez Vázquez; "A silueta do Pico na Néboa", David Domínguez Gómez; "Manantial sacro", Luís Pérez Fontela; "Amencer do Pico", Elisabet López Carvalhais; "Outono en Donas", Pablo Luengo Delgado; "Pico de verán", Pedro Otero López; "Espeleoloxía con papá", Laura Rey Blanco.

O ximnasio do Forte estrea unha máquina multiestación

O ximnasio municipal do Forte conta cunha nova máquina multiestación a disposición da veciñanza usuaria destas instalacións.

Ademais, apenas un ano despois da profunda remodelación do ximnasio coa nova sala de adestramento funcional e o novo sistema de acceso,

o Concello vén de investir 6.000 euros na mellora da eficiencia do sistema de alumeadado. O uso de tecnoloxía LED permitirá aforrar ata nun 60% a factura eléctrica e reducir nun 53% a potencia eléctrica instalada. Finalmente, colocouse un sistema de detección de presenza para controlar o acendido.



Nova máquina de pesas dispoñible no ximnasio municipal do Forte



A rapazada súmase ao Torneo de Nadal

O Torneo de Nadal de Fútbol Sala reuniu no polideportivo do Forte a nove equipos, seis da categoría sénior e tres da júnior, que este ano se sumaron a esta

iniciativa deportiva. Os partidos reuniron a numerosos veciños e veciñas no graderío e disputáronse no medio dun gran ambiente deportivo e de Nadal.

Na categoría sénior a vitoria foi para o Reale Lestedo, seguido da Taberna do Portugués e A Barra é nosa. Na júnior, o triunfo levouno Yoreley FC., seguido de Cham-

pán Fútbol Club e Racing de Boqueixón. O alcalde Ovidio Rodeiro, e o concelleiro de Obras, Manuel Fernández, foron os encargados de entregar os trofeos.

Protección Civil apréndelle primeiros auxilios ao alumnado do CPI Antonio Orza Couto

Contar cunha educación en primeiros auxilios é fundamental, pois ensínalle á persoa como actuar diante de situacións de emerxencia e pode chegar a salvar vidas. Por iso, a agrupación de voluntarios de Protección Civil de Boqueixón, o CPI Antonio Orza Couto e o Concello de Boqueixón organizaron uns obradoiros de primeiros auxilios e medidas preventivas para axudar a crear esa cultura de prevención e seguridade dende a escola.

Os voluntarios de Protección Civil encargáronse de que o alumnado adquirira as habilidades e coñecementos necesarios para actuar diante dunha situación de emerxencia, para o cal impartiron tanto clases teóricas como sesións prácticas. En primeiro lugar, aprenderon o denominado "Protocolo PAS": Protexer, Avisar e Socorrer, co teléfono de emerxencias 112 como re-

ferente. Así, coñeceron cales son os datos fundamentais a achegar: ubicación da vítima, tipo de urxencia, se está consciente, se ten os ollos abertos, se respira con ou sen dificultade...

Despois adentráronse nas técnicas básicas de primeiros auxilios coñecendo, por exemplo, a chamada "posición lateral de seguridade", que é a postura na que se debe colocar a unha persoa accidentada que está inconsciente pero respira. Son detalles importantes, xa que así se evitan riscos de lesións posteriores.

Finalmente, os voluntarios de Protección Civil explicáronlle aos rapaces como realizar unha reanimación cardiopulmonar e a manexar un desfibrilador. Uns coñecementos que puxeron en práctica sobre uns torsos e cun desfibrilador semiautomático DESA que os converteron en heroes por un día.



A rapazada aprendeu a facer unha reanimación cardiopulmonar (RCP)



Protección Civil Boqueixón ensinou ao alumnado a actuar ante unha emerxencia

AXENDA DO MES DE XANEIRO

Venres
5

Recepción Reis Magos

Casa Cultura Camporrapado
Ás 17:00 horas.
Os Bolechas "Un nadal máxico" e Recepcións das Súas Maxestades.
Ás 18:45 horas.
Segundo pase da Recepción das Súas Maxestades.
En ambos os dous casos é necesaria inscrición previa en: www.boqueixon.gal
Sorteo de agasallos entre as persoas asistentes, en colaboración con SBC Gasolineras.

Sábado
6

Boqueixogo

Pavillón do Forte
De 17:30 a 20:30 h.
Inchables, obradoiros... e chocolate con churros.
Entrada libre.

Sábado
27

Zumba Class

Pavillón do Forte
A partir das 18:00 h.
Zumba Class e exhibición de Zumba Kids con Pricilla Dance.
Recollida de produtos de hixiene persoal e do fogar.

... e en febreiro

Domingo
11

Entroido de Sergude

Campo da Festa.
A partir das 18:30 horas.
Atrunque dos Xenerais e Festa de Entroido.

Domingo
18

XLI Festa da Filloa de Lestedo

Campo da Festa.
A partir das 10:00 horas.
Degustación de filloas. Desfile e Atrunque dos Xenerais.
Pregón. Actuacións musicais...